



Arteixo - Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa por outorgamento de licenzas de apertura de establecementos

Publicación provisional : 27-12-2004 BOP Nº 296 -- Publicación definitiva : 27-12-2004 BOP Nº 296
Redacción Aplicable desde 01-01-2009

Redacciones

- ARTIGO 1. Fundamento e natureza.
- ARTIGO 2. Feito impoñíbel.
- ARTIGO 3. Suxeito pasivo.
- ARTIGO 4. Responsábeis.
- ARTIGO 5. Beneficios fiscais.
- ARTIGO 6. Base impoñíbel, tarifas e cota tributaria.
- ARTIGO 7. Devengo.
- ARTIGO 8. Liquidación e ingreso
- ARTIGO 9. Renuncia e caducidade.
- ARTIGO 10. Infraccións e sancións tributarias.
- DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA
- DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA
- DISPOSICIÓN FINAL

ARTIGO 1. Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1 985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do R.D. legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a Taxa por licenza de apertura de establecementos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado R.D. legislativo.

ARTIGO 2. Feito impoñíbel.

1. Está determinado polas actuacións municipais desenvolvidas con motivo da apertura de establecementos, tanto se esta actividade se produce como consecuencia dunha petición do interesado, coma se se orixina por comprobacións ou inspeccións da apertura sen que o titular solicitara ou obtivera a licenza, para verificación de que os mesmos reúnen as condicións requiridas polas Ordenanzas municipais como orzamento necesario para o outorgamento da oportuna licenza.

2. A tal efecto, terá a consideración de apertura:

- a) A instalación por primeira vez do establecemento para dar comezo ás súas actividades.
- b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que o titular sexa o mesmo.
- c) Os traslados de locais.

3. Entenderase por establecemento, que requirirá licenza para a súa apertura:

- a) Os locais dedicados ao exercicio habitual do comercio. Presumirase dita habitualidade nos casos aos que se refire a lexislación mercantil e fiscal e, especificamente, cando a realización da actividade estea suxeita a tributación polo imposto sobre actividades económicas.
- b) Os locais nos que se desenvolva unha actividade económica de carácter comercial, industrial, de servizos, profesional ou artística.
- c) Toda edificación habitable cuxo destino principal non sexa a vivenda e que se dedique a:
 - Casinos ou círculos dedicados ao espaxamento ou recreo dos seus compoñentes ou asociados. As distintas dependencias que, dentro dos locais do casino, sociedade ou círculo sexan destinados a explotacións económicas suxeitas a tributación polo Imposto sobre Actividades Económicas serán obxecto de apertura diferente á principal que se refire ao obxecto social de carácter non lucrativo.

- Depósito ou almacén, aínda que se atope pechado ao público.
 - Actividades que, tendo ou non fin lucrativo, impliquen a presenza habitual de persoas no local.
- Locais nos que se fagan usos e actuacións contempladas no Regulamento de

Actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.

- Locais e recintos nos que se fagan espectáculos públicos.
 - Oficinas, despachos, bufetes, escritorios, consultorios ou estudos abertos ao público, onde se exerzan actividades artísticas, profesionais ou de ensino con fin lucrativo e suxeitas a tributación polo imposto sobre actividades económicas.

ARTIGO 3. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refiren o artigo 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, titulares da actividade que se pretenda desenvolver ou, no seu caso, que se desenvolva no establecemento.

ARTIGO 4. Responsábeis.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Serán responsábeis subsidiarios os Administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 5. Beneficios fiscais.

Non serán aplicábeis outros beneficios fiscais cos expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 6. Base imponible, tarifas e cota tributaria.

1. A cota tributaria determinarase por unha tarifa fixa establecida en función da actividade a desenvolver e modulada en función da superficie do local, a cota mínima municipal que lle corresponda a efectos do Imposto sobre Actividades Económicas, a situación do local e a condición da actividade a efectos do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, ou no seu caso, no disposto no Regulamento de Actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas ou calquera outra normativa estatal ou autonómica sobre a materia.

2. Tarifa xeral

2.1. As tarifas aplicabeis serán as contidas na disposición adicional desta Ordenanza, segundo a actividade exercida no local. Cando nun local se exerzan varias actividades, tomarase en conta a cota mais alta.

2.1.1. Nas actividades soxeitas a avaliación de incidencia ou de impacto ambiental, a base imponible establecida na disposición adicional, modularase por aplicación do coeficiente 1,8, antes de proceder a aplicar os coeficientes e índices que se establecen nos apartados seguintes.

2.1.2. Igualmente nas actividades non suxeitas ou excluídas de avaliación de incidencia ou impacto ambiental, a base imponible determinada na disposición adicional, modularase por aplicación do coeficiente 1,2, antes de proceder a aplicar os coeficientes e índices que se establecen nos apartados seguintes

2.2. A cota da tarifa aplicaráselle un coeficiente en función da superficie útil do local, de acordo coa seguinte escala:

Até 50 m ²	0,7
De 51 a 100 m ²	0,8
De 101 a 200 m ²	0,9
De 201 a 500 m ²	1
De 501 m ² a 1.000 m ²	1,2
De 1.001 a 2.000 m ²	1,4
De 2.001 a 10.000 m ²	1,6
De 10.001 a 50.000 m ²	1,8

De mais de 50.000 m² 2,0

2.3. Ademais do coeficiente anterior, e sobre o resultado obtido, aplicarase un coeficiente de capacidade económica establecido en función da cota mínima municipal que corresponda á actividade desenvolvida no local a efectos do Imposto sobre actividades económicas, segundo a seguinte escala:

Ate 60,10 €	0,6
De 60,11 € a 180,30 €	0,7
De 180,31 € a 360,60 €	0,8
De 360,61 € a 601,01 €	1,0
De 601,02 a 1.202,02 €	1,2
De 1.202,03 a 3.005,05 €	1,4
De 3.005,06 a 6010,12 €	1,6
De 6.010,13 € a 30.050,60 €	1,8
De 30.050,61 a 60.101,20 €	2,0
De mais de 60.101, 21 €	2,2

2.4. Sobre o resultado de aplicar os anteriores coeficientes, aplicarase un índice que pondere a situación do local, de acordo coa categoría da rúa segundo a clasificación vixente das vías públicas a efectos fiscais, segundo o seguinte cadro:

Establecementos situados na rúa de:

Primeira categoría	2,0
Segunda categoría	1,6
Terceira categoría	1,3
Cuarta categoría	1,0

Regras de aplicación:

1. Cando nun mesmo local existan, sen discriminación no título de ocupación do mesmo, espazos destinados a vivenda e a establecemento suxeito a taxa, a base deste último será a que proporcionalmente lle corresponda á súa superficie.
2. Cando se trate de ampliación do establecemento, a base imponible será a determinada na disposición adicional, modulada en función do coeficiente que lle corresponda pola superficie ampliada.
3. Cando nun local se exerzan varias actividades comprendidas en epígrafes diferentes, tomarase a suma das diferentes cotas para a aplicación deste coeficiente.
4. Cando se trate de actividades que tributen por cuota provincial ou nacional, tomarase o 20% ou o 5% das cotas resultantes, respectivamente.
5. Coeficiente aplicarase en función da cota mínima sinalada segundo a clasificación da actividade determinada no Real Decreto Legislativo 1175/1990, que aproba as tarifas e instrucción do Imposto sobre Actividades Económicas, aínda que o solicitante disfrute de exención en dito imposto ou non teña obriga de darse de alta no mesmo.
6. Para a aplicación deste coeficiente non se terán en consideración as bonificacións que poidan ser aplicables no Imposto sobre Actividades Económicas.
7. Os locais afectos tributarán pola cota que lles sexa asignada de acordo coas regras do Imposto sobre Actividades Económicas.
8. Nas solicitudes para a instalación de antenas de telefonía mobil, sobre a base determinada no epígrafe 1.24 da disposición adicional, aplicaranse os seguintes coeficientes:
 - Coeficiente establecido segundo a actividade exercida no local (suxeitas a avaliación de incidencia ou impacto ambiental).
 - Coeficiente da actividade económica do suxeito pasivo establecido en función da cota mínima municipal que corresponda á actividade desenvolvida no local a efectos do Imposto sobre actividades económicas.
3. Nos supostos de traspasos, cesións ou transmisión da titularidade das actividades que se desenvolvan nos establecementos, a actividade administrativa tendente a verificar se o local ou establecemento obxecto de traspaso, cesión ou transmisión reúne as condicións idóneas para o fin destinado, a base imponible estará modulada en función do da tarifa establecida na disposición adicional, modulada segundo o disposto nos apartados anteriores, aplicandolle ao resultado un coeficiente corrector do 0,05.

ARTIGO 7. Devengo.

1.- Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que contitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura, se o suxeito pasivo formulara expresamente esta.

2.- Cando a apertura tivera lugar sen obter a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixíbeis con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para autorizar a apertura de establecemento ou decretar o seu peche, se non fora autorizábel dita apertura.

ARTIGO 8. Liquidación e ingreso

1. Ao tempo de solicitar a correspondente licenza, os interesados ou os seus representantes procederán a efectuar a correspondente autoliquidación e a ingresar o seu importe nas entidades de crédito colaboradoras, que será aplicado á cota que resulte unha vez sexa concedida a correspondente licenza, procedéndose á súa devolución no caso de que, por causas imputábeis á Administración, non se prestara o servizo.

2. Non se tramitará o expediente, se non se acredita a autoliquidación e o pagamento da presente taxa.

ARTIGO 9. Renuncia e caducidade.

1.- Antes de que sexa dictado o acto administrativo sobre concesión da licenza, os interesados poderán desistir ou renunciar expresamente da mesma e obter a devolución do 80% da autoliquidación ingresada, sempre se non se incurra en ningunha das seguintes limitacións:

a) Que a actividade peticionada non se tivera realizado ou exercido.

b) Que dito desestimento fora peticionado dentro do prazo dun ano, contado a partir da data de presentación da correspondente solicitude.

c) Que non se tivera dictado resolución administrativa sobre da petición formulada polo interesado.

2.- A caducidade, como un dos xeitos de rematar o procedemento administrativo e tramitada de oficio, non xenerará dereitos económicos a favor dos contribuíntes.

ARTIGO 10. Infraccións e sancións tributarias.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ao disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As tarifas da presente taxa serán as que deseguido se establecen:

Actividade desenvolvida no establecemento	Cota euros
1.- FABRICACIÓN:	
1.1.-Extracción , preparación, aglomeración ou almacenamento de combustíbeis sólidos e coquerías	1.087,90 €
1.2.- Refino de petróleo e outros combustíbeis	3.626,34 €
1.3.- Producción, transporte ou distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga	1.813,16 €
1.4.- Fabricación de xeo	3.620,84 €
1.5.- Fabricación e primeira transformación de metais, agás maquinaria e material de transporte (siderurxia)	1.087,11 €
1.6.- Fabricación de produtos metálicos (metalurxia)	543,96 €
1.7.- Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos. Turbeiras	543,96 €
1.8.- Extracción doutros minerais non metálicos nin enexéticos	1.450,53 €
1.9.-Elaboración e tratamento da pedra natural	652,73 €
1.10.- Fabricación de materiais de construción	652,73 €
1.11.- Fabricación de produtos químicos, farmacéuticos, pirotecnia, e outros produtos químicos de uso industrial e doméstico	906,58 €
1.12.- Fabricación de maquinaria, material e equipos mecánicos	724,94 €
1.13.- Fabricación de material de transporte e seus compoñentes	1.087,11 €
1.14.- Fabricación de instrumentos de precisión, óptica e similares, incluído material e equipo eléctrico e electrónico	1.087,11 €
1.15.- Fabricación, envasado ou preparación de produtos alimentarios, bebidas ou tabaco	652,73 €
1.16.- Fabricación téxtil, da confección ou do calzado	718,21 €
1.17.- Industrias de transformación do caucho e materias plásticas	543,96 €
1.18.- Fabricación, transformación e almacenaxe de madeira, corcho e produtos similares, agás mobles	362,63 €
1.19.-Fabricación de mobles	652,73 €
1.20.- Industrias do papel, edición, artes gráficas e reprodución	652,73 €
1.21.- Fabricación de xoiería, orfebrería, pratería e similares	652,73 €
1.22.- Fabricación de instrumentos musicais, bixutería, artigos para o deporte e xoguetes	362,63 €
1.23.-Fabricación de máquinas, equipos e material mecánico	652,73 €
1.24.- Instalación de antenas de telefonía móbil	2.653,12 €
1.25.- Fabricación, depósito e almacenaxe de explosivos e similares	1.175,02 €
1.26.- Outras actividades non contempladas en parágrafos anteriores	362,63 €
2.- SERVIZOS, VENDA E DISTRIBUCIÓN	
2.1.- Comercio por xunto	217,57 €
2.2.- Comercio polo miúdo	145,06 €
2.3.- Restaurantes	181,32 €
2.4.- Establecementos de bebidas con servizo de comidas	181,32 €
2.5.- Cafés-Bares de categoría especial con espectáculos en vivo e/ou de alterne	282,48 €
2.6.- Establecementos de bebidas (bares, pubs, cafés, etc)	145,06 €
2.7.- Comedores colectivos e servizos de comidas preparadas	108,78 €
2.8.- Hotéis, moteis, hostais, pensións e similares con servizo de comidas, por cada	13,06 €

habitación	
2.9.- Hoteles, moteis, hostais, pensións e similares sen servizo de comidas, por cada habitación	8,69 €
2.10.- Campings, albergues e refuxios, por praza	3,63 €
2.11.- Outros tipos de hospedaxe, incluso os non turísticos, por praza	3,63 €
2.12.- Bancos, caixas de aforro e outros establecementos financeiros	435,17 €
2.13.- Axencias, delegacións de seguros e outros similares	217,57 €
2.14.- Salas de cine, teatro e espectáculos (non deportiv.)	290,10 €
2.15.- Estadios, pavillóns e campos de deporte	290,10 €
2.16.- Despachos profesionais e artistas	145,06 €
2.17.- Garaxes e aparcamentos, por praza	6,52 €
2.18.- Inmobiliarias e axentes da propiedade inmobiliaria	217,57 €
2.19.- Reciclaxe de chatarra e outros desfeitos	145,06 €
2.20.- Actividades e servizos relacionados co agro, gandería, pesca e selvicultura	145,06 €
2.21.- Establecementos afectos aos servizos de transporte (estacións, e terminais, oficinas de venda de billetes, facturación, almacéns, consignas e similares)	181,32 €
2.22.- Servizos de correos e mensaxería	181,32 €
2.23.- Axencias de viaxe	181,32 €
2.24.- Establecementos afectos aos servizos de telecomunicacións	181,32 €
2.25.- Establecementos de ensino	145,06 €
2.26.- Establecementos farmacéuticos e sanitarios, incluído consultas médicas e similares	176,55 €
2.27.- Establecementos de asistencia social	72,52 €
2.28.- Establecementos afectos á actividade de construción (oficinas, locais destinados á venda, estudos técnicos, almacéns, talleres e similares)	181,32 €
2.29.- Establecementos afectos á actividade de produción, transporte, e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga	181,32 €
2.30.- Talleres e outros establecementos de reparación de vehículos, electrodomésticos e outros bens de consumo	181,32 €
2.31.- Comercio polo miúdo de combustíbeis, carburantes e lubricantes	290,22 €
2.32.- Outros establecementos non clasificados nos apartados anteriores	145,06 €

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

As disposicións relativas ao Imposto sobre Actividades Económicas contidas na presente ordenanza (rueiro e cotas tributarias), seguirán a manterse independentemente ou non da vixencia do referido imposto.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

As tarifas desta ordenanza incrementaranse anualmente no IPC

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza foi aprobada por acordo plenario de data 30 de novembro de 1989, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 1990.

Foi modificada segundo acordos plenarios de datas vinte e dous de agosto de 1996, trinta de xaneiro de 1997, seis de novembro de 1998, 6 de setembro de 2001, 18 de xullo de 2002, 28 de outubro de 2004, 30 de xuño de 2005, 28 de setembro de 2006 e 25 de outubro de 2007.

A presente modificación foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 4 de setembro de 2008.

Entrara en vigor, logo da súa publicación no BOP o día 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor até que sexa acordada a súa modificación ou derogación expresas.